

PLENO

**ACTA 2021/01 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 28/01/2021.**

A través de videoconferencia amparada pola previsión establecida no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e aos restantes efectos como lugar de celebración o salón de actos da Casa do Concello , ás 09.30 horas, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa coma secretario do Pleno o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, asiste igualmente o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Actúa como presidente o Sr. Alcalde da Corporación D. Manuel Mirás Franqueira.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

- 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/11/2020. Acta 14/2020.
- 1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 22/12/2020. Acta 15/2020.
- 1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 22/12/2020. Acta 16/2020.

2.-Aprobar definitivamente o expediente de investigación (2020/X999/000098) da Fonte de Fontela, parroquia de Cardama.

3.-Aprobar se procede, previa ratificación da urxencia, a renuncia a

PLENO

formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes á convocatoria de subvencións para a creación, mantemento e reforma dos servizos de normalización lingüística. (EXP. 2021/A008/000017).

II PARTE DE CONTROL

4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1.425/2020 do 20/11/2020 ata o 78/2021 do 22/01/2021.

5.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/11/2020 ata o 22/01/2021.

6.-Mocións dos Grupos municipais.

7.- Rogos e preguntas.

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/11/2020. Acta 14/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 14/2020, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningún (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 26/11/2020, acta 14/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 14/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto

PLENO

2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 22/12/2020. Acta 15/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 2020/15, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai máis intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP, 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos) ;

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 22/12/2020. Acta 15/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 15/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 22/12/2020. Acta 16/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 2020/16, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningún (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 22/12/2020. Acta 16/2020.

PLENO

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 16/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

2.- Aprobar definitivamente o expediente de investigación (2020/X999/000098) da Fonte de Fontela, parroquia de Cardama.

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

“Logo de ver o acordo do pleno do 24.09.2020 polo que se aproba a incoación do expediente de investigación da titularidade da Fonte de Fontela en Cardama que se presume que pertence á corporación local e a delimitación do citado espazo público.

Logo de ver que a o referido acordo de incoación do expediente de investigación publicouse no BOP nº 165 do 02.10.2020 así como no taboleiro de anuncios do Concello o 02.10.2020 e que foi notificada tanta á Administración estatal como autonómica manifestando estas que non lles constaba o ben nos seus respectivos inventarios e que igualmente notificouse aos interesados concedéndoselles un prazo de 1 mes para a presentación das alegacións que estimasen oportunas.

Transcorrido o prazo de exposición pública de 15 días e o prazo de un mes para que calquera interesado puidera presentar cantas alegacións estimasen oportunas, sen que se teñan presentado alegacións algunha tal como reflicte o certificado de inexistencia de alegacións no expediente do 22.12.2020

Logo de ver o Informe favorable de Secretaria do 11/01/2020

*Conforme ao previsto no artigo 53 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e no artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, propoño que o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Patrimonio adopte o seguinte **ACORDO**:*

PLENO

PRIMEIRO: Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

Denominación: Fonte de Fontela. Parroquia de Cardama.

Descrición: Fonte de columna de pedra e pila rectangular subterránea. Cuberta de formigón. Parte frontal ten banco e mesa de pedra; todo cun peche de formigón.

Situación: Fonte situada na parcela 590 do plano de concentración parcelaria de Senra –Cardama. Linda ao norte, sur e este co resto da parcela 590 do plano de concentración parcelaria de Senra – Cardama e ao oeste con camiño público.

Superficie da parcela 82,55 m2

SEGUNDO: Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflecta na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

TERCEIRO: Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

CUARTO: Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

E esta é a miña proposta, que realizo para que sexa ditaminada pola comisión informativa e posteriormente votada polo Pleno da Corporación.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que van a votar a favor.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo igualmente vai a votar a favor tendo en conta que existen informes favorables e non se presentaron alegacións.

Seguidamente o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

Denominación: Fonte de Fontela. Parroquia de Cardama.

Descrición: Fonte de columna de pedra e pila rectangular subterránea. Cuberta de formigón. Parte frontal ten banco e mesa de pedra; todo cun peche de formigón.

Situación: Fonte situada na parcela 590 do plano de concentración parcelaria de Senra –Cardama. Linda ao norte, sur e este co resto da parcela 590 do plano de concentración parcelaria de Senra – Cardama e ao oeste con camiño público.

Superficie da parcela 82,55 m2

SEGUNDO: Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflecta na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

TERCEIRO: Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

CUARTO: Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

3.-Aprobar se procede, previa ratificación da urxencia, a renuncia a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes á convocatoria de subvencións para a creación, mantemento e reforma dos servizos de normalización lingüística (EXP 2021/A008/000017).

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

“CONSIDERANDO que na base 7.2.3 das Bases da Deputación Provincial da Coruña da convocatoria do programa de

PLENO

subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2021, que establece, entre outras, que o Concello que forme parte dunha mancomunidade e decida solicitar individualmente ou agrupado a outro/s concello/s deberá achegar o acordo plenario de que non participa coa mancomunidade para este servizo.

CONSIDERANDO que na mesma base 7.2.3 das Bases da Deputación Provincial da Coruña da convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2021, establece que a Mancomunidade correspondente tamén deberá achegar o acordo de que non prestará este servizo a ese concello.

LOGO DE VER o escrito da Mancomunidade de Ordes de data 22.01.2021 (RE202190000000062) polo que solicita ao Concello de Oroso que coa finalidade de achegar a documentación que se require na solicitude de subvención para o mantemento do servizo de normalización lingüística da Mancomunidade se lles envíe á maior brevidade posible o acordo plenario do Concello de Oroso facendo constar se participan no servizo da Mancomunidade de Ordes ou non.

TENDO EN CONTA que este Concello vai a presentar solicitude de subvención ao abeiro de dita convocatoria e o día 29.01.2021 finaliza o prazo para a presentación de subvención ao abeiro das Bases da Deputación Provincial da Coruña da convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2021, procede declarar como urxente a renuncia a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes e por este motivo non procede o ditame previo da Comisión Informativa.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime

PLENO

local, en relación co artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO.- *Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2021), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2021.*

SEGUNDO.- *DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de municipios de Ordes.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que non están de acordo con este punto xa que o galego ten que estar presente e considera que non podemos ir en solitario e que se debería ir da man da Mancomunidade.

D. Alexander Doval Expósito (PP) pregunta pola súa parte se este renuncia é co fin de solicitar en solitario a subvención para a contratación dun normalizador exclusivamente para o Concello de Oroso.

O Sr. Alcalde responde que si e que non lle parece normal pretender apoiar o galego cun único normalizador para 7 concellos porque pouco pode facer. Considera que calquera publicación do Concello tería que pasar polo normalizador.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que a idea sería ter un posto fixo de normalizador, unha normalizadora para 7 concellos non é prestar un bo servizo. A realidade é que os nenos entran na escola falando galego e terminan a ESO falando castelán, esta situación ten que mudar colaborando cos

PLENO

grupos de integración lingüística xa que o que está en risco é o galego e non o castelán. A ningún se lle ocorrería tirar a muralla romana de Lugo para facer un aparcadoiro e igual pasa coa lingua que é patrimonio cultural que temos que protexer.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que en tempos da Xeración Nos defenderon o galego sen límites municipais, como concepto de país, non é o mesmo un normativizador lingüísticos que un normalizador. Hai que normalizar o uso do idioma e iso se consegue estando presente nas grandes instancias.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) considera pola súa parte que hai que comezar pola escola e que se non volveremos á época das octavillas animando a falar en castelán que é o patriota. A función dun normalizador non é a de traducir textos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) considera que o discurso do BNG chega 50 anos tarde e que o que se está a falar aquí e de si solicitamos en solitario ou conxuntamente o normalizador lingüístico.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a votación en primeiro lugar a urxencia da inclusión deste punto na orde do día e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da inclusión deste asunto na orde do día.

Seguidamente o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: dous (2 de OR).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do

PLENO

programa de subvencións provinciais (ano 2021), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2021.

SEGUNDO.- DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de municipios de Ordes.

II PARTE DE CONTROL

4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1.425/2020 do 20/11/2020 ata o 78/2021 do 22/01/2021.

Dáse conta por parte da Alcaldía dos decretos ditados desde a derradeira sesión ordinaria e que van desde o nº 1425/2020 do 20/11/2020 ata o 78/2021 do 22/01/2021 que estiveron a disposición dos concelleiros da corporación desde a convocatoria da sesión plenaria.

5.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/11/2020 ata o 22/01/2021.

Dáse conta por parte da Alcaldía dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/11/2020 ata o 22/01/2021 que estiveron a disposición dos concelleiros da Corporación desde a convocatoria da sesión plenaria:

Nº	Data	Asunto
1	28/12/2020	Exp. 2020/G003/001746. Reparo do 28/12/2020 á relación de facturas nº 2020/43.
2	29/12/2020	Exp. 2020/G003/001753. Reparo do 11/11/2020 á relación de facturas nº 2020/44.

6.-Mocións dos Grupos municipais.

6.1.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG en apoio á hostaleira.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que pregunta se algún concelleiro quere intervir en relación á urxencia da moción.

PLENO

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

A continuación toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que todos estamos ao día sobre o que está a suceder coa hostaleira, existe unha mesa aberta entre a Xunta de Galicia, as Deputacións e os Concellos. No caso do Concello de Oroso estamos a falar de mais dun cento de establecementos e unha fonte de riqueza e de fixación de poboación. Están nunha situación dramática. A competencia en materia de turismo e de emprego é da Xunta de Galicia. No Concello de Oroso se puxo material de apoio e de protección para toda a poboación e en especial para os negocios, así puxéronse pantallas, carteis, indicadores etc...O Concello esta tamén traballando coa Deputación no PEL – reactiva para dar axudas. Levamos anos reivindicando por exemplo que o canon da auga vaia dirixido a quen mais o necesita.

A continuación da lectura aos puntos propostos no acordo da moción:

“1.-O Concello de Oroso, en coñecemento da situación que atravesamos no sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector e de xeito coordinado e de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral á mesma.

2.-O Concello de Oroso comprométese a contribuír xunto co resto de administracións públicas de Galicia, e esixe a creación do Fondo de Cooperación galego cunha aportación do 1% do seu orzamento para o ano 2021.

Tendo en conta as competencias de cada administración así como a capacidade económica das mesmas, é necesario contribuír a unha liña de axudas directas, que se complete coa achega do 1% do orzamento do Concello, para rescatar os sectores mais afectados polas restricións derivadas da Covid-19, cunha tramitación áxil.

O resultado desta proposta é o seguinte:

PLENO

-Orzamento Concello de Oroso: o aprobado neste ano 2021 (1% que resulte do orzamento 2021 e a repartir no Concello de Oroso).

-Orzamento Deputación da Coruña: 184.500.000,00 € (1% 1.845.000€ a repartir entre todos os concellos da provincia).

-Orzamento Xunta de Galicia: 11.806.577.963 € (1% 118.065.780 euros a repartir entre todos os concellos de Galicia).

3.-O Concello de Oroso comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar no ámbito das súas competencias e que algunhas están pendentes:

3.1 O Concello de Oroso está a tomar distintas medidas en materia de impostos locais.

A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI) (IVTM).

A redución das taxas municipais: a recollida do lixo e da auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro. Non está recadando a taxa por uso do espazo público (terrazas).

4.-O Concello de Oroso solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais.

5.- O Concello de Oroso solicita á Xunta que implante bonificacións fiscais nos impostos de carácter autonómico que carga a estes sectores, como o canon de tratamento do lixo, o canon da auga, ou o tramo autonómico do IRPF.”

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que no titular da Voz de Galicia xa sae hoxe que existe un acordo entre Concellos, Deputación e Xunta de Galicia, en todo caso este tipo de axudas que está ben, o certo é que so serven para paliar gastos pero se os bares están abertos conseguen mais xa que conseguen beneficios.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que é unha moción que se está presentando en todos os Concellos, nada que dicir en canto á exposición de motivos, pero en canto aos puntos, no punto dous parece que xa existe un acordo. O tema do 1% e bo e malo á vez xa que o orzamento da Xunta na maioría xa está comprometido en

PLENO

enseñanza e sanidade. O noso grupo vota a favor de todas as iniciativas de apoio á hostaleira pero tamén existen outros sectores que o están pasando moi mal. O total das axudas no primeiro plan foi de 86 millóns.

Respecto do punto número 3 o Concello tomou unha serie de medidas que este grupo apoiou e non sabemos si se trata de adoptar novos incentivos ou non. Resulta en todo caso curioso, que se lle estea cobrando o lixo a locais que non poden abrir. En canto á ocupación das terrazas está ben, pero xa non se cobraba neste Concello polo tanto non é un incentivo.

En canto aos ERTES están ben, pero é un pouco un regalo envelenado xa que cando levantes o ERTE tes que ter os traballadores contratados seis meses. Considera que é bo que exista un acordo entre todas as administracións implicadas.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que non existe tal acordo iso non é verdade. A finais de marzo o Presidente da Deputación enviou unha carta para facer o que se está a facer agora e non recibiu ningunha resposta e agora a que se dirixe ás Administracións é o clúster de turismo e se lle fai caso. Isa reunión leva unhas porcentaxes que anuncia o Vicepresidente da Xunta de Galicia que non negociou con ninguén. Non existe acordo e o que hai é unha nova reunión o venres para ver se efectivamente se chega a un acordo. Se houbera tal acordo xa teríamos retirado a moción. A Xunta quería aportar 50 millóns e agora subiu a 70 millóns pero aínda non existe acordo.

En canto a eliminar o recibo do lixo como propón o Sr. Doval non podemos eliminar un recurso do Concello dun plumazo e por outro lado en moitos outros concellos si se está a cobrar polas terrazas. Igualmente sinala que fala dos ERTES pero non di nada do canon da auga ou do tramo autonómico do IRPF que son de competencia autonómica.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que non lle contestaron a se o punto 3 se refería a novas medidas que ía a tomar o Concello ou pola contra se refire ás xa adoptadas. En canto ao recibo do lixo, é claro que non se pode devolver o do ano 2020 pero si poderían eliminalo a partir de agora. En canto ás cantidades a aportar non é o mesmo ter o 70% do orzamento comprometido como xa ten a Xunta que o 40%. O titular da Voz de Galicia di que xa chegaron a un acordo e que a reunión do venres é para ver como se xestionan.

O Sr. Alcalde sinala que D. Alexander Doval Expósito parece estar moi preocupado polo recibo do lixo pero non polo canon da auga e

PLENO

podería facer algo, xa que está nesa consellería para que non cobren ese canon. Afirma que o Concello lle deu aos negocios o cuádruple do recibo do lixo en axudas, baixouse o recibo do lixo e seguiremos apoiando aos negocios. Afirma que rogaría que non fixera a Xunta o reparto dos fondos xa que está actuando de xeito discriminatorio co Concello de Oroso de forma arbitraria e caciquil polo que moitos dos negocios quedarán sen axuda.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: nove (6 do PSdeG-PSOE; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: catro (4 do PP) adopta o seguinte acordo:

1.-O Concello de Oroso, en coñecemento da situación que atravesa o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector e de xeito coordinado e de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral á mesma.

2.-O Concello de Oroso comprométese a contribuír xunto co resto de administracións públicas de Galicia, e esixe a creación do Fondo de Cooperación galego cunha aportación do 1% do seu orzamento para o ano 2021.

Tendo en conta as competencias de cada administración así como a capacidade económica das mesmas, é necesario contribuír a unha liña de axudas directas, que se complete coa achega do 1% do orzamento do Concello, para rescatar os sectores mais afectados polas restricións derivadas da Covid-19, cunha tramitación áxil.

O resultado desta proposta é o seguinte:

-Orzamento Concello de Oroso: o aprobado neste ano 2021 (1% que resulte do orzamento 2021 e a repartir no Concello de Oroso).

-Orzamento Deputación da Coruña: 184.500.000,00 € (1% 1.845.000€ a repartir entre todos os concellos da provincia).

-Orzamento Xunta de Galicia: 11.806.577.963 € (1% 118.065.780 euros a repartir entre todos os concellos de Galicia).

PLENO

3.-O Concello de Oroso comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar no ámbito das súas competencias e que algunhas están pendentes:

3.1 O Concello de Oroso está a tomar distintas medidas en materia de impostos locais.

A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI) (IVTM).

A redución das taxas municipais: a recollida do lixo e da auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro. Non está recadando a taxa por uso do espazo público (terrazas).

4.-O Concello de Oroso solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais.

5.- O Concello de Oroso solicita á Xunta que implante bonificacións fiscais nos impostos de carácter autonómico que carga a estes sectores, como o canon de tratamento do lixo, o canon da auga, ou o tramo autonómico do IRPF.”

6.2.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE e o BNG en apoio do sector da imaxe persoal representado na plataforma “Crer en nos” pola rebaixa do IVE ao 10%.

O Sr. Alcalde pregunta se exista algunha intervención en relación á urxencia.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver a moción que di:

“Desta plataforma forman parte milleiros de profesionais do sector da imaxe persoal de toda España, composto maioritariamente de autónomos e autónomas, co único fin de loitar para conseguir a redución do imposto do IVE do sector, o cal foi aumentado no ano

PLENO

2012 polo goberno do Estado ata o 21%, para poder paliar os efectos da crise naqueles momentos. Así, no ano 2012, concretamente, as perruqueiras tiñan un IVE do 8%, é dicir tiñan o IVE de servizos esenciais e subiu ao 21%. O mesmo sucedeu coa estética, que dun 16% no ano 2012 pasou ao 21%. Esta suba do IVE ao 21% no ano 2012 debía ser temporal e a maioría dos profesionais asumírono sen que iso repercutise no prezo á clientela pero non resultou desta maneira, non foi temporal, xa que a día de hoxe o 21% mantense. “Crer en nos” pide, a baixada do IVE ao 10% e conceptuar a perruquería, barbería e estética como actividade esencial.

Se xa viña sufrindo unha difícil situación, a Covid-19 deixou ao sector nunha situación moi crítica. Tiveron que pechar durante tres meses por causa de forza maior e actualmente atópase totalmente limitado porque hai establecidas unhas medidas de seguridade que non lles permite desenvolver a súa profesión con total dispoñibilidade, incluíndo a limitación do aforo. Entenden totalmente a nova realidade que causou a pandemia, pero consideran un agravio comparativo entre o sector da imaxe persoal e outros sectores, sendo o único ao que se lle subiu o IVE no 2012 ata o 21% e non recuperou o IVE reducido como si ocorreu coa cultura ou cinema e as artes escénicas, as florerías, os servizos funerarios ou o lecer.

Debemos engadir que a actividade do sector foi excluída dos ERTEs que gozan de exencións ás cotizacións sociais das traballadores e traballadoras. Por tanto, non so estamos ante unha situación complicada pola pandemia que comportou que as persoas acudan menos ás perruquerías, barberías e salóns de estética senón que levou a que as profesionais tiveran que investir para ter un protocolo de seguridade tanto para as clientas como para as mesmas profesionais. Resultou un gasto que custou moito facer entender que, finalmente, a maioría das profesionais tiveron que asumir para poder seguir traballando. Todas as profesión se tiveron que reinventar e saír a diante, pero as perruqueiras e perruqueiros arrastraban xa situacións moi difíciles.

Teñan presente que, unha vez pasado o estado de alarma inicial, as perruquerías, barberías e as estéticas foron as primeiras en comezar a traballar porque foron, e son, consideradas un ben esencial. A profesión asumíuno e adaptouse á nova realidade tal e como explicamos.

É por todos estes motivos que o grupo de perruquerías, barberías e estéticas galegas que forman parte da plataforma, creer en nos, solicitan á corporación municipal do Concello de Oroso os seguintes acordos:

PLENO

Primeiro: Instar ao goberno de España que devolva o sector da perruquería, barbería e a estética ao IVE reducido do 10%, porque diso depende moitos negocios se manteñan abertos.

Segundo: Notificar esta resolución ao goberno español, concretamente ao seu presidente, vicepresidente segundo, á ministra de Facenda e a Ministra de Traballo e Economía Social.”

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen insiste que efectivamente e tal e como sinala a moción as perruquerías, barberías e centros de estética teñen que soportar un IVE do 21% que se lles estableceu no ano 2012 como algo temporal e sen embargo a día de hoxe se mantén e coa situación da COVID a situación ten empeorado bastante neste sector que está moi presente en Oroso.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quere dar as grazas por esta moción xa que se centra nun tipo de negocios que están todo o día ao noso servizo e efectivamente en Oroso existe unha presenza económica importante deste sector polo que anuncia que votará a favor.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo está de acordo co sentir da moción e efectivamente en Oroso existe bastante implantación, é certo que se lles subiu o IVE así como a cota de autónomos e a luz que son establecementos que usan moita electricidade, algúns están tirando de créditos do ICO pero logo hai que devolvelos.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro: Instar ao goberno de España que devolva o sector da perruquería, barbería e a estética ao IVE reducido do 10%, porque diso depende moitos negocios se manteñan abertos.

Segundo: Notificar esta resolución ao goberno español, concretamente ao seu presidente, vicepresidente segundo, á ministra de Facenda e a Ministra de Traballo e Economía Social.”

PLENO

6.3.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG para apoiar a inclusión do persoal ao servizo de axuda no fogar dos concellos independentemente da modalidade de xestión do servizo, no grupo de vacinación fronte á Covid-19.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o texto da moción que di:

“As persoas traballadoras no Servizo de Axuda no Fogar non figuraron como persoal de primeira liña no Plan Galego de Vacinación fronte ao SARS-CO-V2 e non son considerados prioritarios a pesares de desenvolver labores esenciais e ter un alto nivel de risco tanto de ser contaxiados como de contaxiaren a outras persoas.

O colectivo do persoal socio – sanitario do Servizo de Axuda no Fogar denuncia que están na primeira liña de atención a persoas dependentes, polo que é necesario que teñan medidas especiais de protección ante o contacto directo coas persoas usuarias e cos seus convivintes, que poderían estar infectados e que compoñen tamén a poboación mais vulnerable e con maior risco da sociedade. Prestar o servizo en diferentes fogares, a fallade control sobre os contactos de cada persoa á que atenden ou a inexistencia de protocolos de actuación unificados nos casos de persoas infectadas ou sospeitosas de COVID, xa que cada empresa concesionaria e/ou cada concello xestiona esta cuestión segundo os seus propios criterios, fan moi arriscado o seu labor.

Esta mesma reivindicación ven de ser solicitada polo Colexio Profesional de Traballadores Sociais de Galiza.

Diante desta xusta reivindicación, pola maior garantía sanitaria de persoal do SAF e das persoas á que atenden:

Solicitamos do Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro (Único): O acordo de instar á Xunta de Galiza a incluír ás persoas que traballan no servizo de atención no fogar (SAF) no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e socio – sanitario co fin de programar a súa vacinación fronte ao SARS- CoV – 2 nesta segunda fase, xa que non os tiveron en conta na primeira.”

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que o persoal do SAF está en primeira liña e sen embargo están

PLENO

invisibilizados. O seu lugar de traballo son os domicilios onde a xente ás veces ao estar no seu fogar rebaixa as medidas de seguridade. Non existe un protocolo único de actuación se non que cada concello aplica o que considera é por todo iso polo que entendemos que estes traballadores deberían estar nun lugar preferente para a vacinación.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo está de acordo na moción pero o problema de fondo é que ten que existir un calendario de vacinación e imos moi lento por exemplo España ten vacinado ao 2,5 %. Claro que as persoas é un grupo de risco.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que parece que o subministro das vacinas se está a retrasar pola intención das farmacéuticas de facer negocio. O protocolo de vacinación non parece moi claro e o que si parece claro que o persoal do SAF tería que vacinarse de forma preferente como o persoal das residencias.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quere aclarar que non dixo que se tiveran que vacinar as traballadoras sociais se non que o colexio de traballadores sociais pediu que se vacinaran as traballadoras do SAF e igualmente estas traballadoras non relaxan as medidas de seguridade se non que ao revés son os usuarios ou mesmo os seus familiares que ao estar no seu fogar rebaixan as medidas de seguridade, os traballadores das residencias so están na residencia, sen embargo as traballadoras do SAF van casa por casa polo que o risco é maior.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro (Único): O acordo de instar á Xunta de Galiza a incluír ás persoas que traballan no servizo de atención no fogar (SAF) no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e socio – sanitario co fin de programar a súa vacinación fronte ao SARS- CoV – 2 nesta segunda fase, xa que non os tiveron en conta na primeira.”

6.4.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG para solicitar a mellora da UCI-A do Hospital Clínico de Santiago.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) procede a dar lectura á moción:

“A unidade de coidados intensivos de adultos do Hospital Clínico de Santiago (UCI-A) é unha unidade de referencia para as persoas enfermas de Covid-19 para a que os/as profesionais deben contar cunha formación específica en unidades de críticos. Mais é unha salda aberta que so dispón de dous cubículos , de aí que os/as profesionais están expostos/as ao risco de contaxio do coronavirus e, no caso de contaxio a Xerencia atópase cun problema serio ao non existir profesionais (médicos, enfermeiras TCAES) dispoñibles na listaxe de contratación que, ademais, non contan coa formación específica en coidados críticos.

A Xerencia incumpriu o acordados cos/as profesionais antes do verán, de facer unha UCI-A con cubículos para os/as traballadores/as non estivesen xornadas de 7 a 10 horas cos equipos de protección individual (EPI) sen poder descansar. A desculpa da Xerencia é que non atoparon empresa para realizar esta obra en tres meses, mais a realidade é que non existía nin proxecto, nin partida orzamentaria nin acordo do Consello da Xunta para realizar as obras, como aconteceu tamén coa obra do servizo de Urxencias.

Ante a falta dunha UCI-A con cubículos, a Xerencia desbotou o plan de prevención fronte o coronavirus (SARS-COV-2) dos/as traballadores/as esta área sanitaria e o do Ministerio de Sanidade, nin tampouco estimou traballar nunha unidade que teña cubículos pechados para tender en mellores condicións de traballo a pacientes Covid-19.

A Xerencia obviou tamén o plan de prevención de riscos centrados no posto de traballo, que debe garantir a condición de traballo e medidas de seguridade, tanto para o/a profesional como para o/a enfermo/a. Outra carencia que ten o persoal é a formación riscos laborais (teórica e práctica) para o persoal contratado que chega á unidade e de adestramento para o resto de persoal. Así como a formación en novas técnicas e aparellos da unidade.

Por outro lado, o persoal advirte da falta de EPI, uniformidade suficiente, duchas próximas e suficientes preto da unidade para non ter que percorrer todo o hospital co uniforme usado. Así, o persoal que se ve sometido a traballar nesta precariedade reclama mellorar as

PLENO

condicións de traballo, que é a única solución para permitir contar con prestacións sanitarias de calidade.

Ante estes feitos, o persoal mantén unha folga para reclamar estas medidas estruturais, medidas organizativas e preventivas, a aplicación do plan de prevención de riscos, dotación de EPI e duchas – vestuario próximas á unidade, formación de profesionais e controis de PCR periódicos necesarios para a conciliación da vida familiar e laboral.

ACORDO:

O Concello de Oroso solidarízase coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclámalle á Xunta que realice , de urxencia, as melloras nas UCI-A para favorecer as condicións de saúde laboral destes/as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da Covid-19”.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o seu grupo vai a votar a favor pero non están nada seguros de que sexa agora precisamente o momento en facer obras na UCI.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo quería facer un recoñecemento público aos servizos sanitarios e aos servizos públicos que son os que están solucionando este tema aínda que non está moi de acordo con poñerse en folga nestes intre por iso vaise abster.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: dúas (2 OR) adopta o seguinte acordo:

O Concello de Oroso solidarízase coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclámalle á Xunta que realice , de urxencia, as melloras nas UCI-A para favorecer as condicións de saúde laboral destes/as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da Covid-19”.

6.5.- Moción presentada polo PP referente á mellora da banda ancha e cobertura telefónica.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

PLENO

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción que sinala:

“Está claro que vivimos na era da tecnoloxía, internet cada vez está mais presente nas nosas vidas; as empresas precisan unha boa conexión a internet e cobertura telefónica para levar a diante o seu negocio e ser mais competitivas neste mercado global no que nos movemos.

Pero non so as empresas, as familias cada vez mais tiran de internet para traballar, estudar, etc...

A crise pandémica que estamos pasando deixou en evidencia a falta de compromiso coa cobertura de banda ancha e a cobertura telefónica sobre todo nos territorios menos poboados.

A competencia neste sentido é única e exclusiva do Goberno Central, é unha das poucas que non se transferiron ás Comunidades Autónomas e por conseguinte é o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital o departamento que dispón dos fondos correspondentes, moitos deles procedentes da Unión Europea.

Centrándonos no caso de Oroso foron moitos, tanto familias como empresas que tiveron problemas de conexión a internet, por falta de velocidade ou problemas de conexión.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

Instar ao Goberno de España a acelerar o proceso de despregamento de fibra óptica dentro do “Programa Estatal de Extensión de Banda Ancha de Nueva Generación” dependente da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales del Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, e en concreto no Concello de Oroso.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que internet forma parte das nosas vidas e mais agora coa pandemia se ten visto que existe unha gran diferenza entre unhas zonas e outras. As empresas están cobrando axudas para levar a banda ancha e sen embargo moitas veces non están a cumprir, trátase dunha competencia do Estado que non ten transferida ás competencias as Comunidades Autónomas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo está de acordo, sobre todo no rural tería que chegar mais estes recursos a fin de mellorar a habitabilidade e evitar o despoboamento.

PLENO

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que estamos de acordo no fondo pero non estamos de acordo nas formas xa que é certo que a competencia é do Ministerio pero que executa os plans son as Comunidades Autónomas. Por exemplo a Amtega na súa web ten a presentación do plan de implantación da banda ancha dicindo que asume dito compromiso. Di que a Amtega se compromete a levar a banda ancha ás empresas, ás familias e ás Administracións Públicas, é dicir que a Xunta tamén ten ferramentas para implementar esta alta velocidade e así o publicou en prensa nos últimos anos.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que no seu caso apoia cen por cento esta moción, con independencia de quen resulte competente o servizo non é bo nin en España nin en toda Europa.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que ten razón Antonio Leira Piñeiro no sentido de que efectivamente existe a Amtega pero se trata dunha axencia que está mais para dar apoio á Xunta e aos consorcios e administracións internamente que para desenvolver os plans de implementación da banda ancha. Hai igualmente un plan de mellora da cobertura dos teléfonos móbiles que non está adherido o Concello de Oroso.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) admite que todos temos que adherirnos e colaborar pero a Xunta tamén ten competencias nesta materia.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte ACORDO:

Instar ao Goberno de España a acelerar o proceso de despregamento de fibra óptica dentro do “Programa Estatal de Extensión de Banda Ancha de Nueva Generación” dependente da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales del Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, e en concreto no Concello de Oroso

PLENO

6.6.-Moción presentada polo PP relativa á baixada do prezo da luz.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción que sinala:

“Durante la ola de nieve y frío más extrema que ha atravesado nuestro país en décadas el precio de la electricidad en España ha marcado máximos históricos por dos ocasiones, los días 8 (94,99 €/MWh de media con un máximo de 114,89 €/MWh a las 20:00 h) y 13 (84,99 €/MWh de media con un máximo de 112,84 €/MWh entre las 21:00 y 22:00 h) de enero de 2021.

Ante esta subida histórica de los precios algunas fuerzas políticas se han lanzado a criticar a las empresas y al mercado y a proponer un mayor intervencionismo del gobierno en el sector eléctrico, planteando incluso la nacionalización de empresas, pasando por alto, de manera interesada, dos datos de gran importancia:

1.-En España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado. El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (eje el impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

2.-Según datos proporcionados por Eurostat, al cierre de 2019 el precio del ilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea (solo por detrás de Dinamarca, Alemania, Bélgica) y nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA aplica a este producto.

Y obviando, además, que en los países europeos en los que la principal empresa eléctrica es pública la factura del consumidor final se ha incrementado también en la ola de frío entre un 30% y un 50% o que Barcelona Eléctrica (la empresa pública de electricidad creada por el Ayuntamiento de Barcelona dirigido por Barcelona en Comú) vende la luz más cara que el resto de empresas privadas y difrazando de buenas intenciones propuestas que no da una respuesta eficaz a este problema y solo puede definirse como populista y demagógica.

PLENO

Por otro lado, hay que indicar que el Gobierno de España para justificar su negativa a actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares de españoles, de manera falsaria:

1.-Afirma que gracias a su acción política el recibo de la luz bajó en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

2.-Se vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en tarifas que afectan a los consumidores.

Ante esta negativa, debemos recordar:

1.-La reforma del sector eléctrico realizada por el gobierno del partido popular en el año 2013 que evitó un aumento de precio de la electricidad del 42%.

2.-Y la proposición de Ley presentada por el Grupo Parlamentario Popular en 2018 en el Congreso de los Diputados que proponía bajar del 7% al 0% el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica.

En base a todo lo anterior el Grupo Municipal del Partido Popular solicitamos que se adopte el siguiente ACUERDO:

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

1.-Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0% modificando para ello el Artículo 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recogen en la proposición de Ley presentada por el Partido Popular en 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir el asunto.

2.-Modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el pasado 19 de enero.”

Toma palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) para indicar que produciuse unha suba da luz, España é o 5º país en prezo da luz en por

PLENO

diante so están países cun poder económico moito maior. Se trata esta dunha moción que se está a presentar en todos os Concellos de España e por iso está en castelán.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que a súa compañeira de grupo D^a. Teresa Cendal ten certo coñecemento sobre esta cuestión e indicoulle que o 30% era o libre mercado da UE e o restante 70% e do país propio e isto é consecuencia dos sucesivos gobernos do PP e do PSOE.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) considera que isto ven de moito atrás e que cando o BNG solicita unha tarifa eléctrica galega non é por capricho. Estamos pagando en Galicia o transporte da enerxía eléctrica que producimos aquí e pagamos no recibo o transporte a Madrid ou a Canarias e resulta que é mais caro a enerxía aquí que en Madrid. Lembra cando se pediu no Congreso unha tarifa propia para Galicia e un Ministro canario dixo por aquel entón que por riba do seu cadáver e á semana se aprobou unha para o País Vasco.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que é unha moción complicada, o titular de votar que non é fácil de criticar pero o certo é que a Unión Europea xa advertiu a España que non podía abusar do IVE súper reducido coa débeda que temos. Nos derradeiros dous anos a factura da luz baixou considerablemente aínda que é certo que este mes de xaneiro produciuse unha suba importante.

O Sr. Alcalde afirma que aínda que imos a votar a favor ten que ser moi crítico con esta moción xa que non ten sentido que despois de gobernar o PP agora presenten esta moción. É como a autoestrada que a prorrogan 45 anos mais e agora piden que se rebaixe. Considera que hai que ter mais coherencia.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: dúas (2 OR) adopta o seguinte ACORDO:

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

PLENO

1.-Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0% modificando para ello el Artículo 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recogen en la proposición de Ley presentada por el Partido Popular en 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir el asunto.

2.-Modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el pasado 19 de enero.”

6.7. Moción presentada por Oroso Renovable para reurbanizar o lugar da Baxoia no Camiño Inglés.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a dar lectura ao contido da moción:

“O lugar da Baxoia na parroquia de Deixebre é o primeiro núcleo urbano que atopan os peregrinos dentro do Concello de Oroso.

A Baxoia presenta unhas características arquitectónicas e habitacionais tipicamente identificables e tradicionais como propias do país.

Nos últimos anos o núcleo está sendo obxecto de mellora debido a construción e rehabilitación dalgún dos seus inmobles promovidas por particulares.

Entendemos que os poderes públicos a través das súas administracións deben ter coñecemento deste desenvolvemento urbanístico o pé do Camiño Inglés o seu paso polo Concello de Oroso.

Consideramos polo tanto necesaria a reurbanización viaria conferíndolle un acabado rústico na súa calzada e cun mobiliario urbano e unha integración paisaxística que configure singularidade e mellore a estética do Camiño Inglés no lugar da Baxoia.

Proposta de acordo

PLENO

- 1) Que o pleno do Concello de Oroso tome coñecemento da importancia que supón reurbanizar este tramo do Camiño Inglés
- 2) Trasladarlle a Consellería de Cultura o acordo do pleno aos efectos correspondentes por ser o órgano competente da administración autonómica sobre as marxeas do Camiño de Santiago.”

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que na legislatura pasada o seu grupo xa presentou un rogo neste mesmo sentido e polo tanto imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha (0 votos) non aproba a moción presentada.

6.8.-Moción presentada por Oroso Renovable para instar a creación dun centro de día no Concello de Oroso.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a dar lectura ao contido da moción:

1 ENCAIXE COMPETENCIAL

O artigo 50 da Constitución Española establece como un principio reitor da política económica e social que os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periódicamente actualizadas, a suficiencia económica a cidadanía durante a terceira idade. Asemade, e con independencia das obrigacións familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

Observemos que o artigo refírese os poderes públicos que a través das administración públicas dos distintos ámbitos territoriais están facultadas para velar polo benestar.

PLENO

Respecto o concepto de benestar referido as persoas maiores abrangue o que sería o benestar físico (saúde), o benestar psíquico (cognitivo), o benestar emocional (sensitivo) e o benestar social (a interacción)

E por último están os servizos sociais, o que no ámbito tanxible son o conxunto de programas e recursos asistenciais que van atender eses “problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio”.

O artigo 25.2 e) da LBRL establece como competencia propia das entidades locais nos termos da lexislación estatal e autonómica dúas ideas por un lado a atención inmediata as persoas en situación ou risco de exclusión social e por outro a avaliación e información das situacións de necesidade social.

OROSO RENOVABLE entende que existe xustificación e fundamento legal e normativo o debate desta moción diante do pleno do Concello de Oroso.

2 ¿QUÉ É UN CENTRO DE DÍA?

É unha instalación especializa, onde un equipo de profesionais ofrece servizos de prevención, tratamento e coidado das persoas maiores. A eficacia desta solución vén determinada porque as persoas poden continuar no seu domicilio diario, polo que non existe unha desvinculación, unha ruptura co seu ambiente; son o camiño intermedio entre a total independencia do maior e a estancia nunha residencia. Un paso necesario para mellorar a calidade de vida que ralentiza os síntomas innatos da idade biolóxica.

3 SERVICIOS DUN CENTRO DE DÍA

Un centro de DÍA ofrece servizos de asistencia a cargo dun equipo médico, enfermería, auxiliares de xeriatria, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais e psicólogos, si ben poden existir perfís profesionais concretos en función dos recursos humanos cos que conte o centro ou das necesidades específicas do residente.

Asemade, a maioría dos centros dispoñen de servizo de comedor ou cafetería, en canto que as persoas pasan no centro gran parte da xornada.

A atención diúrna é integral e personalizada dende todas as súas vertentes, e posibilita a xente usuaria poder continuar vivindo no seu domicilio, sen olvidar o seguimento dos problemas médicos ou sociais que teñen lugar fóra do centro.

O servizo dun centro de DÍA pódese combinar coa atención domiciliar e teleasistencia para que a persoa reciba un servizo completo. É dicir o servizo de asistencia no fogar (SAF) que vén de adjudicar o Concello de Oroso.

Un centro de DÍA pode incluír catro grandes áreas: vixilancia da saúde, programa psicosocial, rehabilitación física e animación sociocultural.

4 TIPOLOXÍA DOS CENTROS DE DÍA

PLENO

Segundo a súa titularidade xurídica, atopamos tres tipos de centros de DÍA:

PÚBLICOS: dependen da administración pública e son gratuítos. É o modelo que propón o Consorcio.

PRIVADOS CON PRAZAS CONCERTADAS: a titularidade corresponde a unha entidade non lucrativa ou a unha entidade mercantil, pero que teñen unha parte ou a totalidade das súas prazas concertadas coa administración.

PRIVADOS: sen prazas concertadas

5 CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR
E FINANCIAMENTO

O Consorcio Galego de Igualdade e Benestar integrado na Consellería de Política Social é a entidade administrativa a nivel autonómico para a xestión dos servizos sociais.

O Consorcio é o organismo xestor de diversos equipamentos para a atención integral a persoas maiores postos en marcha por todo o territorio galego dentro da Rede Pública do Sistema Galego de Benestar. aí se atopan os Fogares Residenciais, as Vivendas Comunitarias e por último os **Centros de DIA**.

A comunidade profesional no eido da xerontoloxía evidencia a imperiosa necesidade da implantación dun recurso cuantitativa e cualitativamente inexistente na realidade Galega: os centros de día para persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela.

Este recurso social é o mellor marco para a práctica terapéutica coas persoas potencialmente usuarias e para o apoio ás familias cuidadoras, promovendo a máxima que orienta todas as políticas sociais actuais neste sector, a do mantemento das persoas maiores no seu contorno.

A nosa realidade socio demográfica lévanos a debuxar un marco de atención centrado, aínda que non en exclusividade, no medio rural galego, onde a prevalencia de persoas maiores é máis sobresaínte e a inexistencia de recursos especializados máis notoria.

Os centros de día do Consorcio defínense pois como **centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias** durante o día

A rede de centros do Consorcio está integrada actualmente por 59 centros de día na xeografía galega. Na provincia da Coruña fóra das grandes cidades (A Coruña, Santiago e Ferrol) atopamos centros de día na Pobra do Caramiñal, As Pontes, Ares, Boiro, Cerceda, Culleredo, Curtis, Dodro, Melide, Miño, Muros, Oleiros, Ortigueira, Outes, Rois, Sada, San Sadurniño e Vilasantar.

O Concello de Malpica asinou neste mesmo mes de xaneiro un convenio coa Consellería de Política Social por importe de 150.000 euros, o 50% do proxecto, para crear un centro de DÍA.

PLENO

Podemos engadir que a Fundación La Caixa, a Fundación Abanca, e a Fundación Amancio Ortega colaboran con este tipo de iniciativas sempre que o proxecto sexa solvente e viable polo que non debemos desbotar xa que logo a vía da financiación privada complementaria para o proxecto.

6 CONCELLO DE OROSO – IDENTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Convén sinalar que cos datos censais do 2018 Oroso ten rexistradas unhas 1510 persoas maiores de 60 anos e que no tramo de idade de 55-60 anos hai 468 persoas.

Aínda tendo en conta que o Concello de Oroso rexistra unhas taxas de natalidade distintas a tendencia demográfica do país; os datos censais de fondo non son alleos os da Comunidade Autónoma.

O Concello de Oroso conta cun contrato SAF, un centro de reunión social na rúa do Campo, axenda de actividades sociais e funcionais destinadas a estas persoas, a festa dos maiores, bailes de maiores.

7 CONCELLO DE OROSO UBICACIÓN

Dende o noso punto de vista e seguindo o criterio do Consorcio Galego de Benestar este servizo tería encaixe nunha zona rural do concello por exemplo a antiga estación de Trasmonte, co seu perímetro e a carón da vía verde sería unha primeira opción estando próxima o concello de Trazo na parroquia de Castelo, o concello de Tordoia na parroquia de Leobalde e o concello de Ordes na parroquia de Santa Cruz de Montaos de xeito que se puidese incluso mancomunar o servizo

Unha segunda opción na mesma liña a reitoral de Marzoa e o seu entorno tamén próxima o Concello de Frades na parroquia de Galegos e o Concello de Ordes na parroquia de Beán.

Unha terceira opción a reitoral de Calvente onde o servizo daría cobertura o territorio do concello máis afectado pola crise demográfica.

En todo caso, como podedes ver para nós a primeira opción sería levar esta instalación o rural do concello, é o momento de que descentralicemos algunha das instalación municipais; ademais porque estas instalacións precisan dunha ampla zona verde axardinada e de esparcemento que lles aporte maior valor engadido o propio servizo dun centro de DÍA e con menor afección da contaminación acústica da que poden ter os núcleos urbanos e menor incidencia doutro tipo de actividade colindante.

Modernizar a política social do noso concello incorporando un centro de DÍA coa rehabilitación do patrimonio arquitectónico.

Por iso o grupo de OROSO RENOVABLE propón **ACORDAR**

PLENO

- 1) A necesidade dotacional dun centro de DÍA para as persoas maiores.
- 2) Iniciar os trámites institucionais e administrativos para dotar o Concello de Oroso dun centro de DÍA público para as persoas maiores nun inmobile patrimonial.
- 3) Trasladarlle a aprobación da proposta a Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Benestar.”

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma bastante ben lido Sr. Mirás Pulleiro alias Tala.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que é certo que o Concello de Oroso non ten centro de día de titularidade pública e dentro das ubicacións que se dan na moción a da Estación nos parecería ben.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que esta moción xa foi presentada e debatida e en relación á referencia que fai aos centros públicos non son públicos se non que funcionan de xeito parecido ás escolas da Galiña Azul. Na moción igualmente fai referencia a dous edificios que pertencen á Igrexa e que en caso de cedelos sería de xeito temporal. Igualmente sinala que o BNG ven de presentar no Parlamento galego unha moción para a inclusión nos orzamentos dunha partida para a creación dun centro de día no Concello de Oroso e foi rexeitada polo que lle resulta curioso que agora o PP de Oroso vaia a votar a favor.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) apunta que esta moción efectivamente foi presentada pero non se deixou debater. Cremos que a súa ubicación no rural que propoñemos é boa e en relación á forma de xestión efectivamente se tería que pagar algo pero e que todo se ten que pagar dun xeito ou doutro cos impostos.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) responde que na moción se di que é gratuíto e non é así xa que o usuario tería que pagar unha tarifa.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha, non aproba a moción.

PLENO

6.9.-Moción presentada por Oroso Renovable referida á mellorar a ordenación viaria nas travesías de Oroso, Deixebre e Trasmonte, estrada N-550.

O Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a dar lectura ao contido da moción:

“A estrada N-550 entre os puntos quilométricos 43 e o 45,7, que comprende as travesías de Trasmonte, Deixebre e Oroso presenta nas súas interseccións unha sinalización horizontal cun sistema de isletas e carrís de espera, bifurcación e xiro desactualizados que complican a interpretación das manobras por parte dos condutores , sobre todo no caso de condutores de vehículos que descoñezan as características concretas deste tramo da estrada N-550.

Doutra parte indicar que estas travesías carecen de sinalización horizontal de peóns para que se poida cruzar a estrada dun lado a outro por un lugar debidamente sinalizado e polo tanto con maior seguridade.

Substituír os carrís de xiro por glorietas supón actualizar as características das interseccións cun deseño actualizado, homoxéneo , recoñecible e máis simple na súa interpretación polos condutores. Facilitaría as manobras de xiro hacia as vías colindantes e de cambio de sentido.

Dotar de glorietas a estas travesías permitiría a instalación de pasos de peóns aproveitando as cuñas de canalización de tráfico nas entradas e saídas deste tipo de interseccións e permitiría que os peóns nestas circunstancias puidesen franquear a calzada en dúas fases a través dun refuxio central.

Por último, as glorietas centrais poderían aproveitarse como elemento no centro da vía para a súa ornamentación e axardinamento.

Proposta de acordo

Trasladarlle a Demarcación de Carreteras do Ministerio de Fomento o interese do Concello de Oroso para que se estudie a necesidade de

PLENO

actualizar as características das interseccións nas travesías de Oroso, Deixebre e Trasmonte da estrada N-550.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que non sabe se unha rotonda alí é a mellor solución pero é certo que algúns dos cruces son perigosos.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que efectivamente as rotondas poder resultar incómodas pero melloran a seguridade e a fluidez do tráfico. Non se trata de plantear so novas infraestruturas se non de manter e actualizar as existentes.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dous (2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: catro (4 do PP) , non aproba a moción.

7.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que quería preguntar pola demora na execución da area de reparto do polígono de San Mariño. Igualmente quería preguntar se existe moito interese en facer un ximnasio nunha piscina entrando deste xeito en competencia co negocio local e igualmente quere facer o rogo de que se axilice a concesión de axudas do PEL.

D. Alexander Doval Expósito (PP) pola súa parte quere poñer de manifesto que na avenida Compostela onde está a xestoría do Rio, existen unhas fochancas e a zona de aparcamento se pode limpar. Na rúa Carboeiro está cunha importante sensación de abandono polo que solicitamos que igualmente se proceda á limpeza da mesma. No núcleo de Carollo en Cardama pola pista de abaixo o firme está bastante deteriorado. Querería igualmente facer outro rogo referente a que se busque algún xeito de poder proceder á condonación do recibo do lixo para os locais comerciais que permanecen pechados. Na pista de San Román de Pasarelos a Frades, xa case no límite do Concello hai unha fochanca importante. Finalmente quere poñer de manifesto que na actualidade existen locais sociais que se seguen utilizando e coa situación da pandemia actualmente deberían clausurarse e igualmente quería solicitar que se volviera a desinfectar as rúas. Por último o tema da auga de Fafian e Trasmonte, que seguen sen auga quería preguntar se podían informar algo.

PLENO

O Sr. Alcalde sinala que comezando polo último considera que se debe ter un pouco de sensatez, o núcleo de Fafian ten auga, o Concello fixo unha perforación e o Adif fixo un pozo e quedouse que o Concello mantña o servizo ata que chegase a traída de auga municipal, agora xa teñen traída de auga municipal o que non se vai a facer polo Concello e subministrar e manter polo concello ese depósito, se algún veciño quere mantelo cos seus cartos non hai problema pero o concello non o vai a facer. En canto á Avenida Compostela dicirlle ao Sr. Doval que xa votou precisamente a probación dunhas obras nesa avenida e igualmente as rúas xa se están desinfectando.

Toma a palabra D. Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE) quen afirma que en relación á intervención de D. Alexander Doval Expósito esas obras xa se están licitando, xa se publicou a noticia na web do Concello e incluso cre que o publicou tamén Oroso Renovable, polo que cre que hai que ter un pouco mais de rigor. En canto á rúa de Carboeiro e unha rúa na que da moi pouco o sol pero fai pouco se meteu a máquina de presión e se empezou a pintar pero con este tempo se tivo que parar.

E non existindo máis rogos e preguntas ao equipo de goberno, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 11:46 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario accidental dou fe.

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.

V^op^a

O Alcalde – Presidente
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.